

PRINCIPAIS RETOS DE GALICIA CARA A 2030

MATRIZ DAFO

MEDIO AMBIENTE

GRUPO 2: CAMBIO CLIMÁTICO

MESA: Medio ambiente.

RETOS E NECESIDADES DE GALICIA CARA A 2030

1. Minorar o **impacto da agricultura** e a ganadería no medio ambiente tratando de reducir:
 - a contaminación da auga e do solo por prácticas non axeitadas e usos inadecuados de fertilizantes e fitoquímicos.
 - a erosión e perda de solo en zonas explotadas con modelos intensivos.
 - a xeración de Gases de Efecto Invernadoiro.
 - o consumo de auga (regadío).
2. Reducir significativamente a **contaminación mariña**, incluída a producida por actividades realizadas en terra, adoptar medidas para restaurar os ecosistemas mariños, minimizar os efectos de acidificación, regulamentar eficazmente a explotación pesqueira e conservar as zonas costeiras e mariñas.
3. Promover o **uso sustentable dos ecosistemas terrestres**, a xestión sustentable das superficies forestais, loitar contra a desertificación, deter e invertir a degradación das terras e frear a perda da diversidade biolóxica
4. Mellora do actual **sistema de tratamento de residuos**:
 - Fomentar a redución dos residuos industriais e análise de alternativas que permitan reducir o depósito dos mesmos en vertedoiros.
 - Reducir, así mesmo, a xeración de residuos urbanos e domésticos mediante actividades de prevención, redución, reciclado y reutilización.
5. Asegurar que a cidadanía galega dispoña **da información e a formación** pertinentes para favorecer un desenvolvemento sustentable e estilos de vida en harmonía coa natureza.
6. Aumento da **responsabilidade atribuída aos axentes** que xeran impacto no medio ambiente a través das súas actividades económicas.
7. **Cambio climático**:
 - Fortalecer a resiliencia e a capacidade de adaptación aos riscos relacionados co clima e os desastres naturais.
 - Incorporar medidas relativas ao cambio climático nas políticas, estratexias e plans autonómicos e locais.
 - Mellorar a educación, a sensibilización e a capacidade humana e institucional respecto da mitigación do cambio climático, a adaptación a el, a redución dos seus efectos e a alerta temperá.

Código de cores: **Medio ambiente** **Economía circular** **Residuos**

| DEBILIDADES | AMEAZAS | FORTALEZAS | OPORTUNIDADES |
|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <p>D.1 O aumento das emisións de CO₂ dun xeito importante no sector do transporte e a categoría “outros sectores” (residencial, comercial, etc.) e agricultura.¹</p> | <p>A.1 As temperaturas medias están a aumentar e as precipitacións prodúcense cada vez con menos frecuencia e máis intensidade. Aumento do risco de incendios forestais e subida do nivel do mar.</p> | <p>F.1 Galicia é a terceira comunidade autónoma que máis diminuíu as súas emisións respecto do nivel de 1990 en España, gracias fundamentalmente a importante redución no sector enerxético, a combustión na industria e no tratamento de residuos.</p> | <p>O.1 Fortalecer a resiliencia e a capacidade de adaptación aos riscos relacionados co clima e os desastres naturais. Incorporar medidas relativas ao cambio climático nas políticas, estratexias e plans autonómicos e locais.</p> |
| <p>D.2 Modelo actual de agricultura e gandería pouco sostible, con alto impacto no medio ambiente.</p> | <p>A.2 Despoboamento rural que implica asentamentos pouco sostibles que fan ineficiente o uso do solo e implican un aumento de desprazamentos motorizados.</p> | <p>F.2. Existencia do diagnóstico e desenvolvemento de indicadores ambientais da Axenda 2030 en Galicia e da Comisión Interdepartamental de seguimento da mesma.</p> | <p>O.2 Adoptar criterios urbanísticos encamiñados a conseguir asentamentos máis sostibles que minimicen o uso do solo e as necesidades de desprazamentos</p> |
| <p>D.3 Contaminación mariña: - Residuos derivados da pesca - Vertido de residuos á auga - Contaminación procedente da terra</p> | <p>A.3 Estímase que as emisións de GEI a nivel global aumentarán entre un 25 e un 90% en 2030 respecto dos niveis de 1990 de non levar a cabo medidas.</p> | <p>F.3 Figuras de protección do patrimonio natural: Rede Galega de Espazos Protexidos; Áreas protexidas por Instrumentos Internacionais. Plans de recuperación e conservación de especies ameazadas; Normas de xestión e conservación de ENIL e EPIN</p> | <p>O.3 Fomento da formación e información en materia de sustentabilidade ambiental e en estilos de vida en harmonía coa natureza, en todos os ámbitos e a todos os actores implicados.</p> |

¹ Nun 56,6 %, 45,3 % e 6,3% respectivamente, en comparación co ano 1990).

| DEBILIDADES | AMEAZAS | FORTALEZAS | OPORTUNIDADES |
|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <p>D.4 Lagoas de coñecemento sobre o estado de conservación de determinados hábitats e especies de interese comunitario e/ou ameazadas e os servizos ecosistémicos.</p> | <p>A.4 Presión de usos e actividades sobre determinados hábitats e especies de interese comunitario.</p> | <p>F.4 Existencia de estratexias medio ambientais</p> <ul style="list-style-type: none"> - Estratexia Galega de Cambio Climático e Enerxía 2050 - Pacto dos Alcaldes polo Clima e a Enerxía (2017) | <p>O.4 Desenvolvemento de proxectos de innovación para a mellora do medio ambiente e a mitigación dos efectos do cambio climático e o deseño de procesos industriais limpos, que utilicen os recursos con maior eficacia e que reduzan a xeración de residuos.</p> |
| <p>D.5. Dificultades no desenvolvemento dos instrumentos de planificación.</p> | <p>A.5 Especies exóticas invasoras en aumento con factores de ameaza na conservación de hábitats e especies</p> | <p>F.5 Proposta técnica do Plan estratéxico de especies exóticas invasoras de Galicia e análise de riscos.</p> | <p>O.5 Desenvolvemento da Infraestrutura Verde de Galicia para a mellora da conectividade de espazos naturais protexidos e das especies.</p> |
| | <p>A.6 Perda neta de biodiversidade e fragmentación de hábitats naturais e seminaturais e das especies.</p> | | <p>O.6 Incrementar a superficie dos espazos naturais protexidos e do número de especies que contén cun instrumento de planificación.</p> |
| <p>D.6 O modelo de crecemento do século pasado baseouse no uso intensivo dos recursos naturais. O modelo actual de produción e consumo está baseado fundamentalmente na economía lineal.</p> | <p>A.7 A crecente competencia polos recursos naturais (debido fundamentalmente ó forte crecemento económico de países en vías de desenvolvemento) está a producir un forte incremento nos seus prezos, xerando volatilidade nos mercados e unha crecente inseguridade no subministro.</p> | <p>F.6 Planificación a través de:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Plan de Xestión de Residuos Industriais 2016-2022 - “Estratexia Española de Economía Circular. España 2030”² - “Estratexia Galega de Economía Circular 2020/2030” | <p>O.7 Fomento da participación pública nos procesos de planificación e xestión dos espazos naturais protexidos e das especies.</p> <p>O.8 Construción dun marco legal que fomenta e favoreza unha produción máis limpa e modelos de negocio sostibles.</p> |

² Publicada en febreiro de 2018 a versión preliminar (borrador). Elaborada a partires do traballo conxunto de varios Ministerios, das comunidades autónomas e da Federación Española de Municipios e Provincias.

| DEBILIDADES | AMEAZAS | FORTALEZAS | OPORTUNIDADES |
|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <p>D.7 En Galicia pouco máis do 6% das empresas industriais teñen dez ou traballadores. Limitacións das PEMES nesta materia:</p> <ul style="list-style-type: none"> - non se acada un volume mínimo de residuos → as empresas non atopan os incentivos suficientes para desenvolver novos usos, limitacións para dedicar os recursos persoais e financeiros que require un modelo de negocio circular. - carecen en moitos casos dos coñecementos necesarios. | <p>A.8 Arraigo de malos hábitos de compra e de consumo:</p> <ul style="list-style-type: none"> - xeneralización da pauta de “usar e tirar” e poucos incentivos para a reparación dos produtos co fin de prolongar a súa vida útil. - inadecuada xestión e manipulación dos alimentos por parte dos consumidores, que leva a grandes desperdicios. <p>Xeneralización do fenómeno da obsolescencia programada.</p> | <p>F.7 Actualmente, o desenvolvemento do plan da Comisión Europea sobre economía circular inclúe varias propostas legislativas sobre residuos, unha clara definicións de obxectivos, definicións simplificadas e melloradas e métodos de cálculo harmonizados para as taxas de reciclaxe en toda a UE.</p> | <p>O.9 Innovación:</p> <ul style="list-style-type: none"> - fomento da innovación nos procesos de fabricación (especialmente, emprego da biotecnoloxía no sector alimentario) - incorporación da I+D+i no desenvolvemento de eco-productos - innovación organizativa nas empresas, sendo fundamental a proximidade xeográfica e a capacidade para traballar de forma interconectada. |
| <p>D.8 A dispersión dos núcleos industriais dificulta actividades de cooperación vinculadas á economía circular entre parques empresariais.</p> | <p>A.9 Os recursos non renovables presentan desequilibrio entre a oferta e a demanda e os renovables dan sinais de incapacidade de rexeneración (por exemplo recursos pesqueiros).</p> | <p>F.8 Existen numerosas oportunidades de valorización dos residuos xerados nas principais industrias galegas (residuos metálicos, madeira, papel, residuos agrogandeiros, lactosoro etc.)</p> | <p>O.10 Procurar que a cidadanía identifique e acepte os produtos eco-innovadores no mercado e adquira un comportamento sostible.</p> |
| | | <p>F.9 Galicia conta cunha boa base de coñecemento en diferentes ámbitos (enxeñería, organización industrial e loxística, química, tecnoloxía no sector primario e alimentario, etc.) que poden ser potenciados e mellor aproveitados polas necesidades dunha maior circularidade económica.</p> | <p>O.11 Fomento do uso eficiente dos bens e das actividades de reparación para a prolongación da vida útil dos produtos (implicará a xeración de postos de traballo no ámbito local).</p> |
| <p>D.9 A reciclaxe (incluída a compostaxe da fracción orgánica) dos residuos domésticos e industriais sitúase por debaixo da media Europea e lonxe dos obxectivos para 2020.</p> | <p>A.10 Alta vinculación da xeración de residuos co crecemento económico e a renda per cápita.</p> | <p>F.10 Planificación a través de:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Plan de Xestión de Residuos urbanos de Galicia 2010-2022 (PXRUG) - Plan de Residuos Industriais de Galicia 2016-2022 (PRIGA) | <p>O.12 Incorporación ao tecido produtivo de procesos de simbiose ou ecoloxía industrial.</p> |

| DEBILIDADES | AMEAZAS | FORTALEZAS | OPORTUNIDADES |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <p>D.10 Existen varios fluxos de residuos onde non se pecha o círculo de aproveitamento; ben por falta de mercado dos produtos elaborados ou porque non se produce a súa valorización, ben sexa por falla de tecnoloxía ou polos custes do proceso de valorización.</p> | <p>A.11 A dispersión xeográfica implica que as alternativas que favorecen a reciclaxe non sexan equitativas en todo o territorio.</p> <p>O tratamento e transporte é en moitos casos ineficiente.</p> | <p>F.11 A xestión de residuos ten un elevado potencial para xerar actividades económicas creando oportunidades de emprego.</p> | <p>O.13 Potenciar a sensibilización e a información da poboación para mellorar as taxas de reciclaxe de residuos domésticos.</p> |
| <p>D.11 A capacidade de tratamento instalada non é completamente suficiente, detectándose as maiores dificultades na xestión dos residuos industriais. Estanse a enviar fóra do CA certos fluxos de residuos como son residuos sanitarios, pneumáticos ou baterías</p> | | <p>F.12 Ampliación do complexo de Sogama: poderá multiplicar por catro a achega a reciclaxe que permitirá alcanzar o vertido técnico cero (10%) no 2020.</p> | <p>O.14 Aumentar a responsabilidade dos axentes industriais implicados na xeración e reciclaxe de residuos.</p> |
| <p>D.12 Dificultade para a determinación das características de perigosidade dos residuos e dificultades á hora de identificar os tratamentos máis adecuados aplicables a cada tipo de residuos.</p> | | <p>F.13 En toda Galicia existe servizo de recollida separada de vidro e papel/cartón.</p> | |
| | | <p>F.14 A taxa de valorización enerxética dos residuos domésticos sitúase por enriba da media Europea.</p> | |
| | | <p>F.15 Existe unha ampla rede de puntos limpos repartidos polo territorio para a recollida de residuos domésticos especiais que da servizo a arredor do 90% da poboación.</p> | |
| | | <p>F.16 Galicia conta con capacidade suficiente para o tratamento de residuos de construción e demolición, aceites e lodos de depuradora.</p> | |

